

# Tropezóns dun médico na aldea

Emilio González Fernández

Cando D. Manolo inda andaba a cabalo visitando enfermos e “Casas” (daquela eran médicos da casa, non de persoas individuais), xa comezara eu na universidade. Chegar a tal era un privilexio. Como será dentro duns anos.

O que chamabamos “café” na miña aldea era un espazo social masculino. O mesmo que o adro da igrexa. Ocorría isto en Rubián, en terras do Val de Lemos. Unha noite, un emigrante, o Suso do Freireiro, que estaba de vacacións, contaba as súas fazañas polo Canadá. Traballo duro. Cortaban árbores na montaña.

Pasaban meses nun campamento e, de cando en vez, quedaban illados pola neve. Gabábase de que cando morría un compañeiro cavaban un foso e soterrábano sen máis. Don Xesús, o crego, que participaba nas parolas en galego, naquela ocasión interrogou en castelán:

– ¿Y el alma?...

– Alí bótanlle todo xunto.

Rápida e espontánea resposta do Suso. Tan rápida como as risas dos ilustrados que escoitabamos. Días, meses e anos seguimos lembrando a paifocada do Suso. Precisei case cincuenta anos para decartarme que os paifocos eramos nós, os que tiñamos estudos oficiais.

Vén isto a conto do libro de Reimóndez, *Un médico na aldea*, que acada a segunda edición. Coido que cando o escribiu non era quen de saber a transcendencia que ía ter. Narrativa. Contos curtos. Memorias. Autobiografía. Historia. Xeografía humana. Paradigma de investigación-acción e de observación participante. Todo isto e moito máis. Posibilidade de múltiples lecturas, como todas as obras mestras.

Para min, neste momento, é un magnífico exemplo de “Antropoloxía Aplicada á Saúde”. Sen querelo, Reimóndez pasa á Historia cun dignísimo lugar. Moito máis que pola súa curta e mesmo cuestionada experiencia política. Tamén moi por riba do seu traballo etnográfico. Chegou a hora de que seus herdeiros vaian pensando en “exportalo”, en traducilo ó castelán e logo xa veremos. Dixitalizar xa; para poder espallalo en redes diversas e sacarlle todo o zume que garda case intacto a pesar das novas introducións e comentarios que acompañan a esta segunda edición.

A cultura tradicional galega era monista. Tiña pouco que ver coa lóxica aristotélica e co dualismo. Corpo e espírito unidos. Por iso o atinado (para nós chocante) da resposta do meu veciño Suso do Ferreiro. O libriño de Reimóndez reflicte moi ben esa gran fenda entre a cultura popular galega e a cultura médica oficial.

Na dilatada vida profesional do autor, asiste ó comezo da “medicalización do agro”. Ata o ano 1975 non se implanta na Seguridade Social, o Réxime Especial Agrario. Os labregos galegos comezan a ter “cartilla” sanitaria que acabará sendo máis importante có D.N.I.

Importante avance na socialización da medicina, pero tamén no esnaquizamento da cultura sanitaria popular. A poderosa biomedicina axuda eficazmente a mudar a identidade colectiva e individual. Determinadas estratexias e destrezas do pasado van ser varridas ou subalternizadas polo “Modelo Médico Hexemónico”. Dalgún xeito pasamos do *Mitos* ó *Logos*. A Reimóndez non lle queda outro remedio que botar man das gramáticas míticas na relación médico-comunidade e médico-paciente. Todos os momentos históricos son polivalentes. Non defendo a canonización do pasado. Mellor recuperar saberes e mañas antigas que seguen tendo utilidade fronte a tanto “progreso”...

Cando, ao meu ver, asistimos pasivamente a unha tremenda desubstancialización identitaria do país, consola reler *Un médico na aldea*. Aмосa os tropezońs dun médico cando camińa polas corredeiras. Tropeza en cada pedra do camińo. Metáfora do seus tropezos cos saberes médicos profanos; hoxe saberes subalternos.

Neste outono de 2012 contemplo melancólico a proximidade dun inverno sanitario que non terá primavera. Asisto á descomposición sociosanitaria. Ó final do cativo estado de benestar do que gozabamos.

Mais, non vaian pensar que estes tropezońs, estes choques culturais que lle aconteceron a Manolo Reimóndez son cousas do pasado. Seguen aparecendo a cotío nos Centros de Saúde e nos Hospitais. Igual que cando chegamos a un hospital o primeiro que nos quitan e a nosa roupa, nos quitan a cultura e boa parte da nosa identidade.

Para terminar, comento superficialmente un dos “contos” máis curtos do libro: *As Aspirinas*. A maiores do que comenta Reimóndez e que tamén vale para os xornais (antigamente chamábanlle a todos



Xosé Neira Vilas, Marcelino Agís, José López, Luís Reimóndez cun exemplar do libro reeditado escrito por seu pai; Antonio Crespo, Director Xeral de Desenvolvemento Rural, Juan Gestal, José Carro e Xosé Luna.

“un Faro”), para os cómics (dicimos TBO), o artigo dá para moito.... O paisano galego rexeitaba, ata non hai moito, aprender o nome dos fármacos. Etimoloxicamente fármaco tamén é veneno. Pronunciar o nome pode ser perigoso.... En cambio, fan detalladas descrições da cor (importantísimo para saber os efectos), da forma (a relacionan con aparellos), da consistencia, etc. Por iso preguntan sempre: antes ou despois das comidas. Non son preguntas inocentes.

Tampouco podemos esquecer o ascenso de clase que describe o autor. O “poder” médico non é secundario nesa desigual relación co paciente. Retrátase xa na introdución (*Xustificación*) ó dicirnos: “*a aldea é inculta por definición*”. É unha das “sombras” no discurso de Reimóndez. O texto está inzado de elementos socioeconómicos e culturais.

Grazas Manolo pola obra que nos deixaches.



José López, Valentín García e Luís Reimóndez observan con curiosidade un exemplar do libro reeditado.